

Carta da Profesora de Relixión ás Familias

Curso 2019-2020

Estimadas familias,

Xa estamos na última semana e non quero terminar o curso sen expresar unhas palabras de agradecemento, polo voso gran esforzo e colaboración nestas circunstancias tan difíciles que vivimos, e que en realidade aínda non acabou.

Aínda que fose un curso complicado desde marzo, todos/as xuntos/as conseguimos o que nos propoñíamos para os nosos nenos/as e que sería imposible sen a vosa axuda. Tivestes que exercer de profesores/as, amas e amos de casa, na medida do posible continuar coas vosas profesións, sen deixar de ser mamás e papas, labor que non termina nunca.

Tamén quero pedir desculpas se nalgún momento presionámosvos demasiado, crendo que estábamos a facer o mellor para as nenas e nenos.

Quero ter tamén unha mención especial para o alumnado que termina este curso, e non puido despedirse como quixese en circunstancias normais. Deséxolles moita sorte na nova etapa que comeza para eles.

Deséxolles a todos/as unhas felices vacacións, e que poidan gozar todo o que non lles foi posible.

Espero volver reencontrarme con todos os meus alumnos o curso que vén no cole e na aula de relixión.

Unha aperta virtual, porque non nos deixan doutra maneira!

Moitos ánimos e ata pronto,

Mabel